

## Julia Robinson

(St. Louis, Missouri, 1919-Oakland, 1985)



Destacou en varios campos das Matemáticas, especialmente en Lóxica, Teoría de Números e Teoría de Xogos.

Tivo unha infancia complicada: a súa nai morreu cando ela tiña 2 anos, padeceu varias febres que a tiveron recluída durante varios anos da súa nenez. Pese a isto, gradúase con honores en Matemáticas e Ciencias, aos 17 anos, momento en que morre o seu pai.

Coa axuda da súa irmá e dunha tía, estuda no S. Diego State College e logo en Berkeley, onde empeza a especializarse en Teoría de Números, da man do que logo sería o seu marido.

Foi discípula do gran lóxico polaco A. Tarski, quen dirixiu a súa tese de doutoramento, a cal presentou en 1948.

Dedicou a meirande parte da súa carreira a estudar as *ecuacións diofánticas*, as *funcións recursivas* e, fundamentalmente, o *10.º problema de Hilbert*; aínda que tamén fixo achegas esenciais en *teoría de xogos*, en particular, en *xogos de suma nula*.